

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁND^a: MARGARITA DEVESA

CARDELLE

D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día quince de outubro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/09/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezasete de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG relativa ós criterios para ter en conta para a distribución do novo Fondo Estatal de Investimento Local para o ano 2010

Pola Presidencia solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido intervén a voceira do BNG, dona Xosefina R. Guitián, e expón que o Presidente do Goberno anunciou que os orzamentos xerais para o exercicio 2010 contemplarán un novo Fondo de Investimento Local dotado de 5.000 euros,



dedicado a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental, tecnolóxicos e de investimento para centros sociais, especialmente relacionados coa dependencia.

Di tamén que para o BNG o criterio de poboación total como única variable para o reparto do fondo, como se fixo no actual, no é o correcto, pois debería terse en conta a dispersión da poboación e o avellentamento, por iso solicita a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que, á hora de distribuír o novo Fondo Estatal de Investimento Local para o ano 2010, se introduzan como criterios de reparto nos concellos a dispersión e o avellentamento da poboación, así como a introdución actual das novas tecnoloxías

2º.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, así como ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia

Don José Alvela de TEGA di estar de acordo cos criterios sinalados polo BNG no reparto para que haxa máis equidade

Don Carlos Martínez do PP di que tamén está de acordo coa moción presentada

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

3º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do horario dun funcionario, xa contestada, e relacionada co escrito presentado neste semana solicitando o convenio asinado coa Deputación Provincial para a reforma e ampliación da Casa da Terceira Idade, contéstalle que entende que o máis práctico é chamar ó concello e falar co funcionario responsable do expediente que queira ver e porse de acordo no día e hora .

Dona Xosefina R. Guitián di que lle parece correcto e oportuno, pero que non sempre é así polo que entende que o procedemento nestes casos é presentar un escrito .

2.- En canto á factura aprobada na Xunta de Goberno de data 26/05/2009 por orella de porco, di que efectivamente foi para a Festa da Orella de San Fins de Sales, e que o concello colabora con todas as festas, e que loxicamente a Festa do Viño coa exposición de Feira Vedra é na que máis se gasta ó ter máis relación co concello

3.- Sobre da factura do Restaurante Villa Verde aprobada pola Xunta de Goberno de data 26/05/2009, di que foi por unha comida con Don Javier Zas, Presidente da Asociación de Vedra en Bos Aires

4.- En canto á factura de Topodex por planos do saneamento fases I e II, di que foron planos solicitados pola Consellería de Medio Ambiente para saber por onde ía o colector principal, estando pendentes de aprobación as dúas fases por parte da Consellería.



5.- Sobre da posta ó día da información sobre ordenanzas e regulamentos na páxina web municipal, di que ata agora non había un informático e que agora que está contratada unha persoa se poñerá ó día esa información

6.- Á pregunta sobre da exposición pública dos proxectos de multiusos de San Fins e Aseos na área recreativa de San Miguel, di que o de San Miguel xa estivo exposto ó público e aprobado por Patrimonio e o de San Fins é dos veciños de San Fins que non se puido acometer ata o de agora

Dona Xosefina expón que o de San Miguel que estivo exposto foi o primeiro e que houbo modificacións

A Presidencia di que só se fixeron correccións no proxecto

7.- En canto á pregunta sobre da resposta dada no pleno do 21/05/2009 en canto ós problemas das vivendas de Xián -Trobe, di que esa pregunta xa se fixo polo PP e está contestada

Di tamén que don Javier Curros, da Promotora, dixo que a promotora non tiña nada que ver co asunto e que se está valorando a posibilidade de que Aquagest, S.A se faga cargo da depuradora de Xián ou acometer outra depuradora sen moito custo

8.- En canto á pregunta sobre das bases das prazas afectadas pola oferta de emprego público do ano 2005 e anuladas por Resolución Xudicial, di que a oferta de emprego está aprobada por Decreto e que se está a traballar cos sindicatos para aprobar un convenio colectivo, no que se incluírán as ofertas de emprego público

Cédelle a palabra o concelleiro delegado don Antonio Sánchez que di que as negociacións están bastante avanzadas e que no convenio se contemplarán esas prazas, xa que o grupo de goberno ten intención de cumprir a sentenza

9.- Sobre do proxecto da escola de teatro, a Presidencia cédelle a palabra á concelleira delegada de cultura, dona Lucía González, e di que no boletín deste mes saiu unha convocatoria para un novo curso da escola de teatro e a maiores engadeuse , un pouco pensando no apoio de cara ós diversos grupos de teatro do concello, un curso de obradoiros de expresión corporal e voz

--Ás preguntas do Sr. Alvela a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do TDT, di que entende que ata xuño do vindeiro ano non estará funcionando, e que o domingo 01/11/2009 o Ministerio ten previsto quí en Vedra instalar un panel con persoal para contestar a preguntas sobre deste tema

2.- Sobre do rogo para que se fixeran xestións co MOPU para limpar a masa común situada a carón dos Palmeiros, di que a parcela é propiedade da Consellería de Medio Ambiente e que se requirirá para que a limpe

3.- En canto á masa común de San Miguel, di que xa está contestada e que todos están sabedores de como está a situación

Sinala que con respecto a este tema só dicir que tivo unha reunión no concello co seu avogado e que se chegou a un acordo: deixar a parcela como está na actualidade e que na citada reunión se lle informou da intención de proceder á expropiación do terreo se existe un apoio do pleno.

--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo, a Presidencia contesta:

1.- Sobre dos parques infantis, que a obra xa está adxudicada



2.- En canto á Semana de Vedra no Corte Inglés, di que no boletín 116 do concello se fixo un anuncio invitando ás empresas a participar na mesma e que se chamou ás empresas que están dentro da asociación da Casa de Peóns

En canto ós rogos formulados di:

1.- Sobre da limpeza e desbroce dos camiños, di que se fixo un esforzo importante e que proximamente se vai comezar con un plan de herbicida, sobre todo nas pistas de monte, para eliminar a maleza

2.- Sobre da colocación do alumeado do camiño que une Sete e Tomonde, di que ten as súas dúbidas porque se fixo outro e tiveron as súas críticas sobre do malgasto de recursos ó non existir vivendas, polo que entende que o próximo plan de alumeado hai que consensualo entre todos os grupos políticos

3.- Sobre do acondicionamento do muíño de Sete (Peiteado) di que non sabe moi ben a cal se refire, pois en Sete hai dous, un que está medio arranxado e outro que é privado

4.- En canto ó acondicionamento do tramo da antiga N-525 (frente a Muebles Ulla), di que non está moi de acordo co acondicionamento pois ese terreo esta sempre ocupado por camións do negocio

O Sr. Martínez Carrillo di que non é ese terreo, senón o situado enfrente

5.- Sobre do acondicionamento da pista en Tomonde xunto á casa do Sr. Noqueiras, di que non está de acordo con modificar a forma da pista, que sempre estivo así e que as augas sempre foron para esa cuneta

6.- Sobre do arranxo dos locais das escolas de San Xián e San Mamede, di que vai ter unha reunión co Xefe Territorial de Educación é un dos temas a tratar é a cesión ó concello das escolas antigas; que esta cesión xa se pretendeu fai máis de 10 anos cando era Alcalde don Pedro Guitián e que se intentará conseguir agora.

4º.- Rogos e preguntas


--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os rogos e preguntas:

1º.- Por Resolución da Alcaldía de data 3 de agosto, iníciase expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto de actuacións ilegais que se están a levar a cabo en Silva de Arriba; Cales son estas ilegalidades?

2.- En Resolución da Alcaldía de data 13 de agosto, rescíndese un contrato de axudante de recollida de lixo por non superar o período de proba ó traballador contratado; Cales foron os motivos polos que non se superou este período de proba?

3.- Na mesma Resolución da Alcaldía acórdase contratar a outra persoa atendendo á súa disposición ó traballo nesta administración; consideramos que a disposición ó traballo non é un motivo válido nin ética nin política, e dubidamos que legalmente, xa que esa disposición ó traballo se lle pode presumir a moitos posibles aspirantes. Non quedara ningún en lista de agarda da anterior selección para este posto? Non había tempo, de non ser así, de facer unha nova selección, cos criterios de urxencia necesarios para aprobados?

4º.- Qué ocorre nas obras de construción dunha senda peonil dentro dos Plans de Cooperación da Deputación, en San Miguel de Sarandón, para que se reti-



raran as pedras colocadas pola concesionaria para ampliar a pista? Conta o Concello coas autorizacións pertinentes de todos os propietarios afectados por esta obra, tal e como se acordou aquí?

5º.- Coas obras avanzadas no campo da festa de San Miguel de Sarandón, nesta corporación descoñecemos o proxecto final que se vai levar a cabo, xa que o propio alcalde recoñeceu aquí en Pleno e na prensa, que o proxecto sufriu modificacións en Patrimonio. Como queda o proxecto final? Por que non informa destas modificacións e o pon a disposición dos representantes políticos e dos veciños?

6º.- Neste proxecto, tal e como estaba cando se trouxo ó Pleno, non figuraba onde ía ir a fosa séptica e por onde se van desviar as augas?. Está isto solucionado? Pódenos informar agora?

7º.- A súa resposta no Pleno de setembro, deixa ver que se empezaron as obras sen autorización preceptiva de Patrimonio; con qué data se obtivo a autorización? Como xustifica a ilegalidade das actuacións promovidas polo concello, que ten que velar pola legalidade urbanística no su territorio?

8º.- Cumpre a normativa de seguridade esta obra? Por que se retiraron as vallas de seguridade despois das festas? Prego se obrigue á empresa a cumprir escrupulosamente cos medidas de seguridade pertinentes?

--Don Manuel Costa do PP roga:

1º.- Solicitamos a colocación de alumeadado público dende o lugar de Laraño ata o límite municipal, na pista que une as parroquias de San Xián e Oza, e que ademais se fagan as xestións oportunas ante o Concello de Teo a fin de intentar que este complete o tramo que faltaría nesta vía

2º.- Volvemos a solicitar a apertura do camiño que une a pista da aldea de Calzande coa que vai cara á Casa do Sol

3º.- Solicitamos que o concello colabore cos veciños do lugar de Laraño para que poidan ter conexión ADSL nas súas vivendas. Que se estudien as propostas para dar resposta a estas demandas e se adopte a mellor solución para os veciños

4º.- Solicitamos, tamén, o traslado do poste que hai na saída da pista de Calzande á cuneta e o arranxo do anaco novo

Pregunta tamén:

1º.- Cando se inician as obras da estrada Vedra- Santa Lucía?

2º.- Hai algunha xestión feita dende o grupo de goberno para que se axilice a contratación da seguinte fase?


3º.- Cando se van facer as obras de mellora na pista que vai polo interior da aldea de A Torre en San Xián?

--Don Carlos Martínez Carrillo, voceiro do PP formula para a súa contestación as seguintes preguntas e rogos:

1º.- En San Pedro de Sarandón, como van os permisos para o local do velatorio?

2º.- En que trámite está o asfaltado da pista en Trobe que vai ó local social novo?

3º.- En relación á rehabilitación da estación de Santa Cruz, e o seu posible uso, segundo informacións saídas na prensa, hai algún proxecto definido sobre do



mesmo?. Falouse ou convocouse ás distintas asociacións e agrupacións de índole veciñal, social, musical e cultural de dita parroquia para contar coa súa opinión? Se non é así, rogamos se faga de forma e maneira urxente.

4º.- Rogamos se programe a nivel municipal unha limpeza de todas as cunetas en relación ás pistas municipais, pois, con independencia de estética de abandono que producen, en moitos casos dificultan o desagüe das augas pluviais (perxudicando as pistas), e tamén perxudican a circulación.

5º.- Asimesmo rogamos se limpen os arredores da pista deportiva de Merín e se revise o estado da mesma

6º.- Solicitamos se tome algunha medida por parte do concello para evitar que o tramo da estrada que vai dende o campo da festa de Merín ata o cruce do Souto, continue sendo un verdadeiro circuito de velocidade, pois neste tramo, certos individuos adócanse a pasar a gran velocidade e facer trompos cos seus vehículos, poñendo en serio perigo o resto de usuarios da estrada. Algunhas posibles solucións poderían ser retirar a gran cantidade de gravilla solta, poñer unha sinais de limitación de velocidade, etc.

7º.- Solicitamos se repare o cadro de luces no campo da festa de Trobe

8º.- Asimesmo, tamén en Trobe, solicitamos o barnizado da barreira e as columnas da entrada da casa da Fábrica, antes do inverno.

9º.- Tamén os representantes veciñais de Trobe nos trasmiten as seguintes inxerencias: en primeiro lugar a necesidade de acondicionar con algún mobiliario básico (mesas, bancos, sillas , etc) o novo local social. Asimesmo a necesidade de asfaltar un pequeno trazo máis do campo da festa

10º.- Igualmente a AA.VV de Santa Cruz nos trasmite os seguintes pedimentos: en primeiro lugar que se poñan dous puntos de luz no camiño que vai hacia a vivenda de Fernando Rey. En segundo lugar , e na parte de abaixo do pazo onde teñen a venda de camelias, na saída que hai á estrada provincial, colocar un espello nalgún dos postes que existen no lugar para facilitar a saída dos vehículos á mencionada vía provincial. Por último i en relación ás pistas que existen no lugar de O Bao e que a concentración parcelaria quedou de marcar, para posteriormente ensanchalas, vanse facer?. En que trámite está?

A Presidencia expón que a Consellería quere facer melloras en pistas de terra, tanto de Agronovo ata As Regas como hacia a Ulla, de feito van comezar a limpalas e o compromiso do concello é darlle a zorra necesaria a través de Ram-sa, pero que non sabe se é algunha desa zona.

5º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Don Inocencio Álvarez da AA.VV. de Santa Cruz di que con respecto ó muíño de Peietado , a AA.VV presentou no seu día un escrito no rexistro do concello coas sinaturas dos propietarios e a súa cesión ó concello, e que o lugar exacto da súa ubicación é Angustín

En canto ás pistas do lugar de Bao, ás que fixo referencia o Sr. Martínez Carrillo, di que a pista é a que vai dende a casa do Sr. Clemente ata o Bao, que que-



dou marcada por concentración parcelaria co seu ancho correspondente, pero nese momento non se levou a cabo, e entende que agora é municipal

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

